

móvete en Rede

Familias



Organiza:



Colabora:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística



Presentación

Entreculturas é unha organización non gubernamental promovida pola Compañía de Xesús que defende o acceso á educación dos máis desfavorecidos, coma medio de cambio social, xustiza e diálogo entre culturas.

Desde hai anos apostamos pola promoción social dos excluídos do mundo. En **Entreculturas** estamos convencidos da necesidade de educar tamén aquí, nos nosos países do Norte, para a comprensión dun mundo interdependente.

O xornal **Móvete en Rede. Familias** forma parte de Igual-Dá?, campaña educativa pola inclusión e a equidade, orientada a comprender a orixe das desvantaxes que atrancan a igualdade de oportunidades, especialmente no eido da educación, así como a necesidade de compensalas para transformar as realidades de exclusión.

Móvete en Rede. Familias propón actividades de educación nos valores da xustiza, solidariedade e equidade desde a vida cotiá.

Porque non nos dá igual. Queremos un mundo máis xusto para todos e todas!

campaña educativa
**¿IGUAL
DÁ?**

Objectius:

- 1 Sensibilizar sobre os fenómenos de exclusión asociados á desigualdade de oportunidades, especialmente no exercicio do dereito á educación.
- 2 Favorecer a reflexión e a comprensión da equidade e mais da inclusión como parte das actitudes, estratexias e políticas encarreiradas á igualdade de oportunidades, sobranceiramente no eido educativo.
- 3 Promover actitudes e valores que faciliten a participación activa a nivel local e global na transformación dos procesos de exclusión, conectando con outras iniciativas sociais con este mesmo fin.

Se desexas máis información sobre a Campaña Igual-Dá? Escríbenos! Entreculturas-Fe e Alegría. Departamento de Educación para o Desenvolvemento. Pablo Aranda 3, Madrid 28006. E-mail: entreculturas@educared.net

2015: xuntos para construír un mundo máis xusto

A Comunidade Internacional tense fixado grandes metas para o 2015: Reducir as desigualdades no mundo, acadando os Obxectivos do Desenvolvemento do Milenio (ODM).

Contribuír ao cumprimento destes ODM desde a familia está nas nosas mans.

sumario

Limiar	2	
Para facelo + doado	3	
Alternativas solidarias	4	Máis cun conto Falando, escoitando
Xogarmos na casa	7	Xogo de pistas Cambio de papeis
Xogarmos ao aire libre	10	Apretas musicais Chak-ka-ier
Irmos á compra xuntos	13	Unha historia increíble Olimpiadas solidarias
Cociña solidaria	16	Crema de mango Batido de xeadro de laranxa
Vermos a tele en familia	19	Aprendendo a ver a tele Unha de anuncios
Puntos de vista	22	Igualdade de oportunidades
Axenda	24	Achégate aos libros Coñecendo a natureza Película solidaria para os máis pequenos: Kirikú e a meiga





limiar



Se os pais e as nais tivesemos que resumir en poucas verbas qué desexariamos para os nosos fillos e fillas, probablemente coincidiríamos en que queremos que estuden e aprendan, medren fortes, sans e felices e tamén que teñan oportunidades para disfrutar dun futuro digno. Como procuramos o mellor para eles, estas intencións acábanse reflectindo en todo o que lles transmitimos: a importancia de prestaren atención na escola, o non estaren pendentes de continuo da televisión, o pensaren máis na xente que os rodea, o se esqueceren un pouco das marcas, o “fai as tarefas da escola” ou que se decaten das situacións desiguais que se dan darredor súa.

É probable que teñamos o desexo de que os nosos fillos e fillas vivan nun mundo máis xusto e tomen o testemuño para colaboraren en construílo.

Desde a Comunidade Internacional “construír un mundo máis xusto” tense traducido no compromiso de cumprirmos **8 obxectivos¹ (os Obxectivos do Milenio, ODM)** para o 2015, que teñen como centro a redución da pobreza, a desigualdade de xénero, a educación, a saúde, a protección do medio ambiente e o fomento dunha asociación global a prol dun desenvolvemento humano sostible.

Se este vén sendo o compromiso internacional, desde a familia, coma membros que somos da sociedade na que vivimos, como podemos contribuír ao cumprimento destes obxectivos? Porque malia que as razóns da desigualdade estean moi relacionadas coa actividade económica e política global, quizais un dos vieiros que se pode seguir **desde a familia sexa achegar aos nenos e nenas a realidade do mundo que nos rodea e aprenderlles a pensar sobre a nosa implicación nesa realidade da que formamos parte.**

A miúdo, como pais e nais si temos este obxectivo, pero non atopamos o xeito ou o tempo para conectar cos nosos fillos e transmitirlo. Por este motivo, querémosvos proporcionar como axuda algunhas **ideas sinxelas adaptadas á realidade dos nosos entornos familiares.** A través dos xogos, os libros, os diálogos ou as situacións do día a día, búscase fomentar a capacidade de poñerse no lugar do outro, a autoestima e mesmo o sentido crítico, tratando sempre temas vencellados coa **Educación para o Desenvolvemento²** como a igualdade de oportunidades, a valoración da diversidade, a educación para a paz, as relacións de xénero ou o coidado do medio ambiente.

En definitiva, para transmitir, contar ou aprender que “actuar sobre a realidade e cambiala, anque tan só sexa un pouquiño, é o único xeito de probar que a realidade é transformable”. (Eduardo Galeano).

1 Obxectivos do Desenvolvemento do Milenio: En setembro do 2000, no Cumio do Milenio das Nacións Unidas, os dirixentes mundiais acordaron unha serie de metas e obxectivos medibles e con prazos deica o 2015 para combater a pobreza, a fame, as doenzas, o analfabetismo, a degradación do medio ambiente e a discriminación en contra da muller. Estas metas, que constitúen o centro da axenda mundial, coñécense coma os Obxectivos do Desenvolvemento do Milenio. (<http://www.un.org/spanish/millenniumgoals/>).

2 Educación para o desenvolvemento (ED): “Proceso para xerar consciencias críticas, facer a cada persoa responsable e activa (comprometida), co fin de construír unha nova sociedade civil, tanto no Norte coma no Sur, comprometida coa solidariedade, entendida ésta coma corresponsabilidade -no desenvolvemento estamos todos embarcados, xa non hai fronteiras nin distancias xeográficas-, e participativa, cunhas demandas, necesidades, preocupacións e análises que se teñan en conta á hora da toma de decisións políticas, económicas e sociais” (grupo ED da CONGDE, 2005).

Para facelo + doado

Para que poidades identificar doadamente as seccións que máis vos interesen, velaquí unhas pistas sobre os temas que se tratan en cada proposta, os valores e capacidades que axudarán a potenciar nos vosos fillos e as idades ás que diriximos cara actividade.

temas	valores ⁴	capacidades
 Medio ambiente	 Responsabilidade	 Cooperación
 Consumo responsable	 Participación	 Autoestima
 Interculturalidade ³	 Solidariedade	 Empatía ⁵
 Paz- non violencia	 Diversidade	 Resolución de conflitos
 Igualdade de oportunidades	 Paz	 Comunicación
 Saúde	 Xustiza	
lenda de idades		
	4 anos	6 anos 8 anos 10 anos

3 Interculturalidade: Refírese ao feito de que distintos grupos ou individuos pertencentes a diferentes culturas vivan xuntos na mesma sociedade, se interrelacionen, se enriquezan mutuamente e sexan conscientes da súa interdependencia.

4 Educación en valores: Educar en valores significa favorecer o desenvolvemento integral da persoa. É contribuír a formar persoas que poidan convivir nun clima de respecto, tolerancia, participación e liberdade e que sexan capaces de construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral da mesma.

5 Empatía: Describe a capacidade dunha persoa de 'sentir' do xeito en que sente outra persoa, intentar 'compartir' os seus sentimentos e, deste xeito, tratar de comprender o comportamento desta persoa ou o seu xeito de tomar decisións.



Alternativas solidarias



Nesta sección queremosche propoñer alternativas para converter momentos cotiáns (ler un conto, manter unha discusión...) en **oportunidades de tratar temas coma a **igualdade**⁶, a valoración da diversidade ou a paz**, sempre desde o diálogo na familia.

A lectura proposta é unha **alternativa de lecer** que permite achegármonos a outra cultura a través da literatura uruguaia, coñecer unha historia que podería ter sucedido nalgún lugar de Arxentina e poñer ao noso alcance a cultura de América Latina.

A segunda actividade ofrece unha **alternativa de diálogo** aos pequenos problemas que xorden na familia debidos á falla de comunicación, para comprobar como é posible chegar a un acordo nun conflito se poñemos o esforzo en compartir a opinión dos demais e non só en defender a nosa.

Se se che ocorren outras alternativas solidarias, faíñolas chegar!

6 Igualdade de oportunidades: Principio que garante a igualdade de dereitos, a través da eliminación de atrancos de carácter social ou persoal, que sitúan ás persoas en posición de desvantaxe cara ao cumprimento dos seus dereitos.

MÁIS CUN CONTO.

MATERIAL: Relato proposto.

PARTICIPANTES: 2 persoas ou máis.



(*) "Bocas do Tempo"
Ed: Siglo XXI de España Editores S.A.



> 6 anos

RELATO:
"Puntos de Vista"
Eduardo Galeano
(*)

Nalgún lugar do tempo, alén do tempo, o mundo era gris. Grazas aos indios Ishir, que roubaron as cores aos deuses, agora o mundo resplandece e as cores do mundo arden nos ollos que os miran.

Ticio Escobar acompañou a un equipo de televisión que viaxou ao Chaco, desde moi lonxe, para filmar escenas da vida cotiá dos Ishir.

Unha nena indixena perseguía ao director do equipo, silenciosa sombra pegada ao seu corpo, e fitábao á cara, de moi preto, como querendo meterse nos seus raros ollos azuis.

O director recorreu aos bos oficios de Ticio, que coñecía á nena e entendía a súa lingua. Ela confesou:

- Eu quero saber de que cor ve vostede as cousas.
- Da mesma ca ti - sorriu o director.
- E como sabe vostede de que cor vexo eu as cousas?

Per a comentar:

- Por que as cores están nos ollos dos que miran?
- Cres ti que a nena e o director ven as cousas iguais ou distintas? Por que?
- Explica unha situación na que teñas tido un "punto de vista" diferente cun amigo, a que cres que se ten debido?
- Coméntase entre todos e todas por que se se evita un único punto de vista, volvémonos máis tolerantes e acéptanse mellor as diferenzas e a diversidade de razas, relixións, ideoloxías, persoas...

entre todos e todas



FALANDO, ESCOITANDO (*).

MATERIAL: Caderno de notas.

PARTICIPANTES: 2 ou máis participantes.



> 6 anos

Cantas veces nos ten pasado na casa que un roce pequerrecho se converte nun motivo de discusión? Esta actividade proporciona unha alternativa de debate para que os nosos fillos e fillas sexan quen de resolver conflitos desde unha posición de respecto cara ao outro.

----- 1. Un dos adultos que participa fai de moderador e escolle un tema de polémica familiar, algún conflito recente.

Exemplo: “Uns días antes, o pai da familia ou a nai pedíralle a un dos seus fillos que estaba a mirar a televisión, que lle axudase a recoller a compra porque non lle ía dar tempo de ir ao dentista. Como non recibiu axuda, fíxoselle tarde e perdeu o seu turno na consulta, o que o amolou moito”.

----- 2. Divídese aos participantes en dous grupos, cada grupo deberá adoptar unha posición no conflito (se o número de participantes é reducido, o debate pode ser feito individualmente).

- ➔ 1: Debate sen regras durante 10 min (que espontaneamente cadaquén exprese o que desexe). O moderador non intervéen.
- ➔ 2: Debate con regras durante 20 min. As regras son que cadaquén ten 3 oportunidades para se expresar:
 - 1ª volta: Cadaquén expresa a súa opinión sen interrupción e sen contestar ao que outros participantes expresaron.
 - 2ª volta: Turno de preguntas. Quenqueira pode preguntar a outro sobre o que non entendera ben. Non se pode interromper, discutir ou contradecir.
 - 3ª volta: Cada participante intervéen só para sinalar os puntos positivos cos que se identifica ou que valora das explicacións dos demais.
- ➔ 3: A persoa que modera fai un resumo da situación da que se falou, guiándose polos comentarios obtidos na 3ª volta.

Preguntas:

- Cal das dúas formas de falar facilita o chegarmos a un acordo?
- Que fixemos máis en cada un: falar ou escoitar?
- En cal deles tratamos máis de facernos comprender?
- En cal nos sentimos mellor? Por que cres que foi así?

Convidase a cada participante a propoñer unha solución por se algunha outra vez volve a darse a mesma situación.

(*) Adaptación de “Hiru Txandatan. Método dos tres turnos” (Guía didáctica para educadores, ed: Elkarri, Movemento social para o diálogo e o acordo)

Xogarmos na casa



Para aproveitar eses ratos libres que ás veces temos na casa, propoñémosvos unha reflexión sinxela sobre as desigualdades que existen no mundo a nivel global e animámosvos a buscar paralelismos con outras situacións moito máis cercanas, que son as que presenciamos na nosa vida cotiá.

Para iso, na primeira actividade trátase de relacionar algúns dos Obxectivos do Milenio (ODM) que se fixaron deica o 2015 (ensino universal, **igualdade de xénero⁷**, mellora sanitaria e sostenibilidade do medio ambiente) cos recursos e a **calidade de vida que se ten en distintos países. A segunda actividade, en cambio, traslada un destes obxectivos globais, o da igualdade de xénero, ao eido máis cercano da familia.**

7 Xénero: Designación do que se coida propio das mulleres (feminino) ou propio dos varóns (masculino) e que se atribúe coma prexuízo sociocultural a unhas e a outros. Varía continuamente porque se deriva dos costumes e das condicións económicas de cada sociedade. As características que conforman o xénero apréndense e pódense educar, pois son mandatos sociais e non se nace con elas (Teoría e Análise de Xénero. M^a I. Rodes, M^a E. Simón).



XOGO DE PISTAS.

MATERIAL: Táboa de países, caderno de notas.
PARTICIPANTES: 3 ou máis participantes.



O obxectivo deste “xogo de pistas” é coñecer un pouco máis a situación dun país elixido e comparar entre todos e todas as distintas realidades reflectidas. Para iso, empregaremos esta táboa:

NOTA: As cores axudan a clasificar cada país: verde <-> situación do país favorable; amarelo<-> situación do país intermedia; vermello <-> situación crítica.

	Esperanza de vida (anos)	Desnutrición (% poboación)	Médicos/ 100.000 habitantes	Alfabetización adultos (%) HOMES	Alfabetización adultos (%) MULLERES	NIVEL DE DESENVOLVEMENTO
Estados Unidos	77,4	--	549	--	--	ALTO
Indonesia	66,4	6	16	92,5	83,4	
Ruanda	43,9	37	2	70,5	58,8	
España	79,5	--	320	--	--	MEDIO
Haití	51,6	47	25	53,8	50	BAIXO
Guatemala	67,3	24	90	75,4	63,3	

Solución: Nivel Alto: Estados Unidos, España. Nivel Medio: Guatemala, Indonesia. Nivel Baixo: Ruanda, Haití. Fonte: Informe sobre Desenvolvemento Humano 2005 (danse os datos sempre do último ano recollido no informe).

-----1. Cada participante escolle un país e, cos datos da táboa, trata de imaxinar como debe ser a vida nese país (ir ao colexio, ir ao médico, a alimentación...). Os adultos poden axudar aos nenos a interpretar os datos.

-----2. Mirando a táboa e despois a columna da dereita, cal cres que é o nivel de desenvolvemento dese país?

entre todos e todas

Respóndase ás seguintes preguntas, relacionadas cos Obxectivos do Milenio, para cada país elixido:

- Sabes en que continente está?
- Cres que todas as persoas teñen unha alimentación axeitada?
- Se enfermases nese país, sería doado atopar médicos e hospitais?
- Cres que todos os nenos e nenas van ao colexio?
- Cres que se trata igual aos homes que ás mulleres?
- As situacións destes países, son semellantes? Parécenche xustas ou inxustas? Por que?

Pensade noutras situacións inxustas que teñades vivido no voso entorno cercano (discriminación a un compañeiro por ser diferente, maltrato da natureza...) e que posibles solucións se vos ocorrerían para tentar evitalas ou melloralas.

máis INFORMACIÓN

www.pobrezacero.org



CAMBIO DE PAPEIS.

MATERIAL: Caderno de notas.

PARTICIPANTES: 2 ou máis participantes.

== || \$ || ♥ || > 6 anos

De seguro que todos e todas colaboramos na casa para axudar sempre que sexa necesario pero, axudamos por igual? Convidámoste a comprobalo comparando o día a día dos varóns e das mulleres na túa familia:

entre todos e todas

-----1. Observa e apunta durante un día da fin de semana o que fan os rapaces na túa familia desde que se erguen (ducharse, preparar o almuerzo, sentarse no sofá, ir á compra...) e anota ao carón o que fan as rapazas da túa familia (ducharse, ler o xornal, ordear a casa, ver unha película na televisión...). Apunta tamén o tempo que dedican a cada actividade. Dedican os dous grupos o mesmo tempo a coidar da casa e da familia? Dedican os dous grupos o mesmo tempo a disfrutar do lecer?

-----2. Probade só por unha fin de semana a “cambiar os papeis” ou intercambiar as tarefas apuntadas. Parécelles a todos e todas unha boa idea?

-----3. Despois de facer o exercicio do “cambio de papeis”, identificade entre todos e todas o que cada membro da familia aporta aos demais e como podemos disfrutar dedicando o tempo a tarefas ou actividades que normalmente non facemos.




Xogarmos ao aire libre

Hai intres no parque, no campo ou mesmo na praia, cos amigos ou a familia, que son oportunidades para xogarmos ao aire libre e aproveitarmos para achegar outras culturas aos nenos e nenas. Un xeito doado de facelo é coñecendo **xogos doutras parte do mundo, porque facilitan a aceptación positiva da diversidade e o intercambio de ideas e formas de comportamento**. No noso entorno conviven distintas culturas e é tarefa de todos conseguir unha sociedade máis xusta na que se respecte e valore esta diversidade.

No marco dos DDHH, poderíamos dicir que “ser tolerante significa arredar a ignorancia e a superficialidade, penetrar nas semellanzas e nas diferenzas e sobre todo aceptar que hai individuos e sociedades diferentes e que uns e outros soen ter bos motivos para seren como son”.(*)

Para profundar nas semellanzas e diferenzas, propoñémosvos unhas adaptacións de **xogos cooperativos para realizar ao aire libre**, procedentes de Tailandia e Chile.



(*) “Vivamos a diversidade. Materiais para unha acción educativa intercultural” (Educapaz, 1988).



APRETAS MUSICAIS.

MATERIAL: Música tradicional española e mais música andina.
PARTICIPANTES: >6-8 xogadores (aproveitar saídas ao aire libre con compañeiros do colexio ou veciños).



-----1. Reprodúcese unha melodía tradicional dalgún dos países cun instrumento de música (ou algún reprodutor), e tódolos xogadores e xogadoras bailan libremente no espazo afastándose os uns dos outros, sen lle prestar atención aos xogadores restantes (pódese facer cos ollos pechados).

-----2. Ao se deter a música, os xogadores fican completamente chantados no chan pero deben espreguizarse todo o que poidan para trataren de tocar ou darlle unha apreta a un número progresivo de xogadores e xogadoras cercanos.

-----3. Cando comeza outra vez a música, os xogadores que conseguiron alcanzar a outros forman un grupo entre si que baila da man por todo o espazo. Sempre haberá un xogador voluntario de cada grupo que non pode despegarse do chan, mais o resto dos participantes si ten total mobilidade. No caso dos xogadores e xogadoras que non conseguiron tocar a ninguén, poden permanecer bailando pero non poden moverse do sitio porque manterán os pés completamente chantados ao chan.

-----4. Na seguinte interrupción da música, cada grupo tratará de darlle unha apreta a outro grupo ou a outro xogador que aínda estea so (porque só así poderán despegalo do chan). Os compoñentes do grupo colaborarán todo o que poidan para conseguilo.

-----5. O xogo remata tras varias interrupcións da música, cando todos os xogadores e xogadoras chegan a unha apreta final. Pódese ademais xogar con distintas melodías porque un dos obxectivos da actividade vén sendo disfrutar da música tamén.



CHAK-KA-IER.

MATERIAL: Fitas ou panos de 2 cores.

PARTICIPANTES: >6-8 xogadores (aproveitar saídas ao aire libre con compañeiros do colexio ou veciños).



> 4 anos

- 1. Os xogadores e xogadoras divídense en dous equipos. Cada participante identificarase co seu equipo cunha cor e cun pano ou banda desa cor.
- 2. Os equipos colócanse a unha beira e outra dunha liña trazada no chan.
- 3. O equipo A será o das persoas “solidarias” e o equipo B será o das persoas “solitarias”.
- 4. Uns e outros estiran os seus brazos tratando de atraír a alguén do outro equipo para pasalo ao seu campo (é boa idea lembrarllles aos nenos e nenas como xogar de xeito non agresivo).
- 5. O grupo dos “solidarios” pode formar unha cadea, uns tras os outros, ou axudarse para atraer aos membros do outro equipo.
- 6. O grupo dos “solitarios” non cooperan entre eles e só poden tratar de atraír a un membro do outro equipo deica o seu campo de xeito individual.
- 7. O xogo remata cando todos os xogadores e xogadoras forman parte do mesmo grupo.
- 8. O xogo pódese repetir varias veces para que todos formen parte de distintos equipos.

entre todos e todas

Ao rematar sentamos en circo para abrir un diálogo:

- Que equipo é o que gañou o xogo máis veces?
- En que equipo estiveches máis cómodo xogando?
- Coñeces algún xogo do teu país ou doutro país que sexa semellante?



Irmos á compra xuntos



Ás veces saírmos a mercar un pantalón ou unha camisa pode ser un serán entre risas, mais outras, un serán de conflitos: “non, que é moi caro”, “se xa tes tres igualiños”, “por que ten que ser desa marca?”.

A familia é un entorno moi bo para transmitirmos aos nosos fillos e fillas a importancia de realizaren un **consumo responsable**, tendo presente que se todas as persoas consumisen do mesmo xeito que o facemos nós nos países industrializados, serían necesarios tres planetas Terra coma este.

Dos 6.300 millóns de habitantes, o **20% que vivimos nos países desenvolvidos consumimos o 80% das riquezas** e determinamos cos nosos patróns de consumo o grao de coidado do medio ambiente e as condicións de vida e de traballo daqueles que pertencen ao 80% da poboación menos favorecida.

Actualmente, os **mozos e mozas** representan un **colectivo consumidor** tan importante que as grandes marcas comerciais decidiron lanzar campañas específicas co fin de atraír a súa atención. Na adolescencia, os mozos e mozas non teñen aínda unha personalidade totalmente desenvolvida, polo que son máis vulnerables á hora de “aceptar” marcas e novos hábitos de consumo que, probablemente, manteñan cando sexan adultos.



Por este motivo, as seguintes actividades tratan, dentro da familia, de serviren como exemplo para atoparmos a relación entre unha **pautas de consumo crítico e ético no noso entorno e unha mellora das situacións de desigualdade ou inxustiza globais**.



UNHA HISTORIA INCRIBLE.

MATERIAL: Só o texto.

PARTICIPANTES: 2 ou máis persoas.



> 10 anos

Imaxinemos unha historia increíble: “Era preto da 1 da madrugada do 11 de abril do 2005 cando a fábrica de 4 pisos Spectrum-Shahriyar de Savar (Bangladesh) derrubouse na noite. O derrubamento do edificio dedicado á confección de roupa para cadeas de marcas europeas, atrapou a 300 traballadores e traballadoras, dos cales 64 morreron e 74 resultaron feridos. O resto, perdeu o seu emprego”.

Imaxinemos outra historia increíble: “Era a madrugada do 13 de febreiro do 2005 cando un incendio voraz arrasou a parte superior da Torre Windsor, unha torre de oficinas no centro financeiro de Madrid. Contra as dúas da madrugada as lapas cubriron a case totalidade do rañaceos e pasadas as 3.30 produciuse o primeiro desplome dunha das estruturas do edificio. Tres bombeiros, das numerosas dotacións que se desprazaron á zona, foron os únicos feridos leves que se rexistraron no sinistro. Ningún traballador resultou ferido porque na madrugada dun domingo non estaban nas oficinas”.

Cóntalles estas dúas historias aos teus fillos e fillas e pídelles a súa opinión sobre se lles parecen historias verdadeiras ou de ficción.

-----1. Por que nunha das historias si houbo traballadores atrapados e na outra historia non, se era de madrugada? A que puido ser debido?

-----2. Averigüade o nome dunha marca deportiva que despois de ter sido moi criticada polas condicións de fabricación dos seus produtos, está a traballar para melloralas.

Reflexiona en familia sobre se mercar produtos destas empresas que respectan pouco os dereitos laborais contribúe ou non a evitar que se repitan situacións como a da fábrica de Bangladesh, e se as opcións que tomamos coma consumidores responsables poden facer cambiar as formas de produción en condicións inxustas.

entre todos e todas



<http://www.ropalimpia.org/>





OLIMPIÁDAS SOLIDARIAS.

MATERIAL: Caderno de notas.

PARTICIPANTES: 2 ou máis persoas.



> 10 anos

Nas últimas Olimpíadas, celebradas en Atenas 2004, os membros da campaña "Xoga Limpo nas Olimpíadas" pediron ao Comité Olímpico Internacional (COI) e ás grandes marcas de roupa deportiva que asegurasen que a roupa deportiva nos Xogos fose fabricada en condicións de traballo humanas, e que respectase os dereitos laborais dos traballadores.

Esta campaña repetírase nos preparativos das Olimpíadas do 2008, en Beijing. As Olimpíadas propoñen crear un estilo de vida baseado na alegría do esforzo, o valor educativo do bo exemplo e o respecto dos principios éticos universais, xa que logo, as prácticas comerciais das empresas de roupa e calzado deportivo non poden infrinxir este espírito.

Propoñémosche unha actividade para valorar esta iniciativa:

-----1. Anotade nun papel cantas horas traballa un pai ou unha nai fóra da casa e cal é o salario mensual. Divídido entre 30 para saberdes canto é o salario ao día.

-----2. Facede unha lista entre todos das cousas que se poden mercar nun día con eses cartos en **España** (os billetes do autobús, a comida...)

-----3. Pensade na seguinte situación: "Unha traballadora de Indonesia, que cose, monta e embala roupa e calzado deportivo para unha coñecida marca, ten os seguintes gastos diarios que tenta minimizar ao máximo: comida e transporte (uns 2 euros), manutención da súa familia (uns 3 euros). En total, gasta ao día 5 euros. Sen embargo, a paga mensual da fábrica é de 3,27 eurs diarios".

- Por que a traballadora de Indonesia non se cambia a un traballo cun salario mellor?
- Por que pensades que estes traballadores fan prendas con horas extraordinarias até a madrugada nalgúns casos? Relacionádeo co accidente da fábrica de Bangladesh da actividade anterior.

Sabías que hai unha iniciativa para que os produtos das nosas tendas leven unha "etiqueta xusta"? Esta etiqueta simbolizaría que o **artigo foi elaborado en condicións de traballo dignas para os seus produtores.**

- Se só mercasemos os artigos coa "etiqueta xusta", que artigos serían os que non se venderían? Que terían que cambiar as empresas que producen estes artigos para conseguiren a etiqueta e poder vendelos?
- Reflexionade sobre a importancia das opcións que adoptamos no consumo.



<http://www.comercioconjusticia.com>

entre todos e todas



cociña solidaria



Unha mañá de colaboración na cociña pode servir ao mesmo tempo para pasalo ben xuntos e tamén para aproveitar e aprendermos sobre como se vive noutros lugares dos que coñecemos pouco

Ás veces, o **descoñecemento sobre outros lugares e outras culturas** xunto cos patróns sociais inflúen na **formación de estereotipos**⁸. Rachar cos estereotipos é importante porque simplifican e parcializan a realidade, ao tempo que provocan **prexuízos e rexeitamento** que acaban provocando procesos de exclusión. O primeiro paso para desmontalos é coñecer ás persoas ás que coidamos diferentes desde distintos puntos de vista: a súa relixión, a súa cultura, os seus costumes, a súa música e mesmo os seus hábitos e costumes alimenticios.

Unha boa forma de conseguilo é preparar un par de **receitas sinxelas** cos máis pequerrechos, aproveitar para **coñecer un pouco mellor o seu lugar de procedencia** (Ecuador) e mesmo **empregar produtos naturais** e, preferiblemente, de **Comercio Xusto**⁹.

8 Estereotipo: Imaxe social preestablecida que posuímos dalguén ou dalgo e que resiste toda modificación. É unha imaxe mental simplificada das persoas dun grupo, compartida socialmente por pertenza a un determinado sexo, nacionalidade, cultura, etnia, clase social... Ao ser produto dunha situación social, son cambiantes, aprendidos, privan á persoa do seu carácter individual e parcializan a realidade (Teoría e Análise de Xénero. M^a I. Rodes, M^a E. Simón// Diccionario de socioloxía .Salvador Giner).

9 Comercio xusto: O comercio xusto é aquel que está baseado nunhas relacións xustas: Tense xerado sen traballo infantil, pagando salarios xustos aos artesáns, retribuindo por igual a mulleres e a homes, respectando o entorno e fomentando a participación dos produtores orixinarios. O comercio tradicional poucas veces defende os criterios do comercio xusto. Podes atopar máis información sobre onde adquirilos a través da Coordinadora Estatal de Comercio Xusto(<http://www.e-comerciojusto.org/>).

per
ter en
conta

- Explicarlles aos nenos e nenas a tarefa a realizar e a procedencia da receita. (*)
- Aos máis cativos pódenselle encargar as tarefas máis sinxelas e que non entrañen riscos (lavaren os alimentos, controlaren os tempos...)



(*) COÑECE UN POUCO MÁIS DO ECUADOR:

Ecuador é un país costeiro da América do Sur, situado entre Colombia e o Perú, herdeiro da cultura quechua dos seus antergos. De feito, malia que o español é oficial, dos seus 13 millóns de habitantes o 40% da poboación fala quechua e numerosas linguas indíxenas.


Posúe unha importante riqueza en xacementos petrolíferos, anque a súa explotación (a través de empresas estranxeiras) supuxo ao país un importante deterioro ambiental na zona amazónica. No 1999 o Ecuador experimentou unha crise económica e financeira sen precedentes que levou ao recrudecemento da pobreza até abranguer a un 70% da poboación. Esta difícil situación fixo medrar de forma importante o fenómeno da migración (especialmente a España, Italia e os Estados Unidos) afectando a case un millón de ecuatorianos, é dicir, a máis dun 8% da poboación.

Sen embargo, isto no mingua o valor da súa grande riqueza: Desde hai máis de 15.000 anos, no Ecuador compártense e superpóñense razas, culturas, idiomas, costumes e tradicións que naceron no profundo dos mundos andino, pacífico e amazónico.



CREMA DE MANGO.

MATERIAL: Ver ingredientes.
PARTICIPANTES: 2 ou máis persoas.



Ingredientes

- 2 cuncas de mangos maduros cortados en cubos.
- 2 ou 3 culleradas de azucre de glasear.
- 1 cullerada de zume fresco de limón.
- 1/2 ou 1 cunca de zume fresco de laranxa (ou auga).

Como se fai?

1. Reducir o mango a puré xunto co azucre de glasear e mais o zume de limón.
2. Engadir suficiente zume de laranxa como para obter una mestura fácil de verquer.
3. Engadir o azucre ou zume de limón ao gusto.
4. Pasar a mestura por un coador, extraíndo o máximo zume á pulpa.
5. Tapar a mestura e conxelala até o intre de servila.



BATIDO DE XEADO DE LARANXA.

MATERIAL: Ver ingredientes.
PARTICIPANTES: 2 ou máis persoas.

Ingredientes (6 persoas)

- 120 ml de leite enteiro.
- 50 g de azucre.
- 1 ovo.
- 1/4 culleradiña de esencia de vainilla.
- 120 ml de tona.
- Zume de laranxa sen pulpa.
- 1 culleradiña de azucre de cana.
- 1 folla de menta fresca.



Como se fai?

1. Quentar nunha pota o leite, o azucre e verquer sobre o ovo batido.
2. Devolver a mestura á pota e cocínar sobre un lume lento remexendo mentres espesa.
3. Engadir a esencia de vainilla, remexer e deixar arrefriar.
4. Bater a tona e engadir á mestura.
5. Introducir o recipiente no conxelador (media hora). Sacar e bater. Devolveo ao conxelador até que estea conxelado.
6. Unha vez preparado o xeado, verquer o zume de laranxa nun vaso alto.
7. Engadir 3, 4 ou máis culleradas sopeiras de xeado de vainilla.
8. Para decoralo, esparexar o azucre enriba e poñer a follina de menta.

Vermos a tele en familia



Que ver? Como velo? Canto tempo? ... son preguntas que moitos pais e nais nos facemos a cotío cando pensamos no costume de “ver a tele”.

Os nenos e nenas absorben información de todas as fontes que teñen darredor: a escola, a familia, os xogos, os libros, a televisión. É tarefa dos pais, nais, educadores e educadoras **reforzarmos as ideas positivas que se adquiren a través destas ventás ao mundo** e que afectan ao desenvolvemento dos máis novos.

O “**ver a tele**” **preocupa** non só pola calidade dos contidos, senón tamén pola posición que sobre este hábito se debe adoptar. Sabemos, por exemplo, que arredor dos 4-5 anos é especialmente importante evitarmos os contidos violentos, xa que semella que estes inflúen nas condutas dos cativos.

Tamén é importante traballarmos a **relación da televisión co consumo responsable**, porque as razóns da desigualdade e da pobreza teñen que ver coa forma na que os seres humanos organizamos a nosa actividade económica.

Facémosvos unha proposta de actividades que teñen que ver, por unha banda, con adquirir **bos hábitos** para “ver a tele” e, por outro, con conseguir unha **ollada crítica** sobre se necesitamos ou non os produtos que se nos achegan desde as ventás que abrimos ao mundo no que vivimos.



APRENDENDO A VER A TELE.

MATERIAL: Televisión, papel/cartulina, fita adhesiva e lapis.

PARTICIPANTES: 2 ou máis persoas.



-----1. Ao comezarmos o xogo, explícase que ten unha duración dunha semana e o premio será unha actividade que se poida disfrutar entre todos e todas (por exemplo, irmos ao cine xuntos ou saírmos un días ao campo).

-----2. Cada participante debe conseguir 5 tarxetas adhesiva. Consíguese unha tarxeta ao final do día cando se teñen cumprido as seguintes “reglas do xogo”:

- Regra do CRONÓMETRO: Cadaquén ve a televisión menos de 2 horas ao día.
- Regra das TAREFAS: Durante as comidas e os deberes apágase a televisión.
- Regra do ZAPPING: Non se fai zapping.
- Regra do APAGADO: Cando acaba o programa apágase a televisión.

-----3. Xógase sobre un taboleiro que se pode colocar nun lugar visible, onde queda escrito o nome de cada xogador ou xogadora e adhírense as tarxetas que cadaquén gaña. No taboleiro tamén se reserva un espazo para cada unha das 4 regras do xogo.

-----4. Hai unha penalización cando un participante incompre algunha regra. Nese caso despega unha das súas tarxetas e debe colocala no espazo do taboleiro reservado para esa regra do xogo.


-----5. As tarxetas que cada xogador ou xogadora perden nas penalizacións, pódense recuperar, se se avisa a outro participante de que está a piques de incumplir unha regra (e ademais é convencido de que non o faga).

-----6. O xogo remata cando:

- Todos os xogadores conseguen as súas 5 tarxetas → SI se gaña o premio.
- Hai un xogador que consegue menos de 5 tarxetas → NON se gaña o premio.

Exemplo no caso de 4 participantes:

Nesta partida, Ana perdeu unha tarxeta (incumpriu a regra do “cronómetro”) e quedánlle por gañar 2 tarxetas. Eva e Xoán conseguiron 4 tarxetas, e Lois tan só gañou 1 tarxeta e perdeu as 4 restantes porque non cumpriu as regras do xogo (algunha delas mesmo 2 veces). Para gañar esta partida, Lois (o xogador que está en peor situación) terá que estar moi pendente dos seus compañeiros para evitar que perdan máis tarxetas e só así poderá recuperar as súas.



UNHA DE ANUNCIOS.

PARTICIPANTES: 2 ou máis persoas.



-----1. Escoller un programa de televisión que se vexa en familia.

-----2. Durante o programa, cadaquén fíxase en 3 anuncios que lle chamen a atención (coches, perfumes, lecer, comidas, xogos...)

-----3. Cando remate o programa, por exemplo, coméntanse sobre os anuncios elixidos:

- Por que che gustou o anuncio? É chamativo?
- Gustaríache ter o que anuncian?
- Enumera outras cousas semellantes ás do anuncio que che gustan e que xa teñas na casa.

-----4. Cos participantes de maior idade pódese establecer un diálogo/reflexión sobre a relación entre o produto que se vende e os valores que nos transmite a publicidade vencellados a ese produto (felicidade, equilibrio persoal, éxito...)





puntos de vista

IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.



O terceiro dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio promove a “igualdade entre os sexos e a autonomía da muller” e ten coma meta eliminar as desigualdades entre os xéneros alomenos no ensino primario e secundario (previsto e non cumprido para o 2005) e en todos os niveis de ensino antes do fin do 2015.

A formación das nenas e mulleres, ademais de ser un dereito fundamental, é un dos mellores medios para lograr un desenvolvemento sostible e un crecemento económico cun alto rendemento social porque xera beneficios económicos directos tanto para os individuos como para a sociedade no seu conxunto: aumentan os ingresos, a produtividade, o Produto Nacional Bruto... É dicir, a **capacitación das mulleres é un investimento para a sociedade na que viven** porque lles permite canalizar os seus ingresos cara a unha mellor educación dos seus fillos e fillas ou xestionar mellor o medio ambiente familiar con prácticas de hixiene, nutrición e servizos sanitarios (o que, á súa vez, repercute na redución da mortalidade infantil e na mellora da calidade de vida das xeracións futuras).



Sen embargo, organismos como as Nacións Unidas ou Amnistía Internacional seguen a recoñecer que **non hai ningún país no mundo que trate igual a mulleres e a homes**: as mulleres realizan 2/3 do traballo do mundo e gañan 1/10 do ingreso mundial.

Nalgúns países do “**Sur**”¹⁰, conseguir mellorar o número de nenas nas aulas supón adoptar medidas moi sinxelas. Por exemplo, na Guinea conseguíuse aumentar a escolarización das nenas do 20% ao 40% en 7 anos poñendo aseos para as nenas nas escolas, permitindo ás nenas embarazadas voltar á escola logo de ter tido aos seus fillos, contratando mestras ou repartindo gratuitamente libros de texto.

Noutros países do “**Norte**”, malia que os nenos e as nenas teñen os mesmos dereitos para asistir a clase, a falla de igualdade de oportunidades e a persistencia dos fenómenos de exclusión continúa presente. Ao longo da nosa vida, imos percibindo que hai formas de ser, facer e estar no mundo distintas para homes e mulleres. Estes modelos ímoslos interiorizando, imitando, incorporámoslos á nosa vida e reproducímoslos. Non nos paramos a pensar se está ben ou mal, posto que os concibimos como algo “natural”: **varóns e mulleres non temos as mesmas oportunidades** para contribuírmos ao desenvolvemento político, económico, social ou cultural dos nosos países. Por exemplo, en España os ingresos medios percibidos polas mulleres son o 44% dos percibidos polos homes (PNUD 2005: datos PIB por cápita, salarios OIT 2005 e poboación economicamente activa OIT 2002).

A sociedade no seu conxunto pode traballar para acadar a igualdade entre homes e mulleres na vida económica ou na conciliación da vida familiar e laboral. Desde a familia tamén podemos formarnos unha conciencia crítica e **aprendermos a identificar as desigualdades entre varóns e mulleres**. Tan só contemplando as novas que nos chegan relacionadas coas diferencias de xénero (por exemplo, os casos de violencia de xénero) ou a información procedente da publicidade, podemos preguntarnos: Como se ve ás mulleres hoxe na nosa sociedade? E aos homes? Que características ou estereotipos proxecta a imaxe duns ou doutras nos medios de comunicación? Son características ás que aspiraríamos todos, homes e mulleres? E, en definitiva, preguntármonos por que os dereitos, as responsabilidades e as oportunidades inherentes á dignidade humana acaban dependendo do feito de ser home ou muller.



Programa de Nacións Unidas para o
Desenvolvemento: www.undp.org/spanish/
http://www.pobrezacero.org/docs/objetivos_odm.pdf

10 Norte/Sur: Son conceptos simbólicos máis que xeográficos, porque representan as relacións de inclusión-exclusión: Hai desigualdade e inxustiza en todos os países e en todos os continentes. Por iso, o “Sur” estaría formado poas masas populares do sur xeográfico, ademais dun crecente segmento da sociedade do norte xeográfico; e o “Norte” abranguería a aqueles que non están excluídos: a meirande parte da sociedade do norte xeográfico e as clases sociais máis favorecidas do sur xeográfico.



axenda

Nesta sección facémosvos unha proposta de libros, películas e actividades interesantes que teñen unha mensaxe construtiva e ademais, son opcións de mecer para disfrutarmos en familia.


ACHÉGATE AOS LIBROS.

1 O Principiño-----



Propoñemos que vos acheguedes á historia de “**O Principiño**”, pequena novela escrita no 1943 polo piloto francés Antoine de Saint-Exupéry que segue a ser unha lectura moi recomendada para toda a familia.

Vén sendo a historia dun neno, “O Principiño”, que viaxa por varios planetas á procura de amigos. Na súa viaxe, os amigos que vai atopando representan a moitos personaxes que poderían ser reais e que non fican impasibles ante a busca do Principiño do compañeirismo, a solidariedade, o entusiasmo e, en definitiva, dunha meirande humanidade. Como ben di o libro:



“Non se ve ben máis que co corazón.
O esencial é invisible para os ollos”.

IDADES recomendadas: A idade de lectura recomendada para que o libro sexa entendido é a partir de 10-12 anos. Para nenos e nenas máis pequenos pódese pensar na alternativa de ter unha “sesión narrativa” ou “sesión de contos” tras unha primeira lectura dos pais, porque é un libro que atrapa aos adultos á vez que é moi doado de ler e contar aos nenos e nenas.

2 Se o mundo fose unha aldea de 100 persoas---



Para entender a situación do mundo no que vivimos dun xeito sinxelo, propoñémosvos o libro “**Se o mundo fose unha aldea de 100 persoas**”, escrito por Ikeda Kayoko e mais C. Douglas Lummis.

O mundo conta hoxe en día con 6.300 millóns de habitantes, pero se o reducisemos a unha aldea de 100 persoas, como sería? Quizais sorprendería saber que só 20 delas consumirían o 80% da enerxía total e que só unha iría á universidade.

Trátase dun conto para explicarlles aos máis cativos unha historia sinxela sobre o noso papel na grande Aldea Global que é o mundo.

COÑECENDO A NATUREZA.



Propoñémosvos unha saída ao campo (idónea para o bo tempo) cunha visita previa a un Centro de Interpretación cercano onde poderemos atopar toda a información necesaria sobre a flora, fauna, poboacións, paisaxe e sendeiros, para disfrutarmos desta excursión coñecendo e respectando a natureza que nos rodea.

- 1. · Proponse unha visita ao Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán (Ribeira, A Coruña) que comece polo CIELGA (Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia).
- Horario: De 10 a 18 horas. Entrada: Libre e gratuita.
 - Visitas guiadas, previa cita, na: Casa da Costa (Centro de Recepción de Visitantes). 15967 O VILAR – CARREIRA – Ribeira (A Coruña). Telf. : (981) 87 85 32. Fax: (981) 87 85 27
 - Como chegar:
Desde A Coruña: Autoestrada do Atlántico A-9 ou estrada N-550 ata Compostela e, despois, C-545, por Noia ou C-550, por Ribeira. Desde Pontevedra e Vigo: Autoestrada do Atlántico A-9 ou N-550 ata Padrón, e C-550, por Ribeira.
Tanto desde A Coruña como desde Pontevedra e Vigo, pode utilizarse a vía rápida VRG-11 que, partindo de Dadro, na C-550, vai directamente a Ribeira.
- 2. Que se pode facer no Centro de Interpretación?
- É unha instalación concibida como museo-exhibición destinado a lle ensinar ao público a riqueza ecolóxica da costa galega.
 - A súa visita permitirá facer un interesante e entretido percorrido pola fauna, a flora e a formación xeolóxica do parque, así como polos aproveitamentos que os veciños veñen realizando tradicionalmente.

Despois da visita ao centro de interpretación, pódese disfrutar das rotas na natureza

(*) que levan até as Dunas de Corrubedo e as lagoas de Carregal e Vixán e que se denominan: camiño do vento, camiño do mar e camiño da auga.

*http://www.riveira.com/turismo/gal/contidos/1_puntos_interese/1_parque_dunar/1_introduccion/introduccion.htm

Película solidaria para os máis pequenos: “KIRIKÚ E A MEIGA”.



A película “**Kirikú e a meiga**”, do guineano Michel Ocelot, achega a alma africana a través da cor, os ruídos e a música. Kirikú é un neno que nace nun afastado poboado africano e que ten que enfrontarse coa malvada meiga Karabá, que mantén escravizado ao seu pobo desde que cortou maxicamente o caudal do seu manantial e fixo desaparecer aos homes adultos. Canso da situación, Kirikú emprende unha perigosa viaxe á Montaña Sagrada para lle pedir consello ao seu avó, un sabio que coñece o segredo da meiga e que lle axudará a devolver a esperanza ao seu pobo.



Non nos dá igual
¡Queremos un mundo máis
xusto para todos e todas!

Campaña educativa pola inclusión e a equidade.

902 444 644 | www.entreculturas.org

Organiza:



Colabora:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística